CONCELLO
DA GUARDA

**ANTONIO LOMBA BAZ (1 para 1)**
ALCALDE PRESIDENTE
Data de Sinatura: 05/04/2017
HASH: a309bfaf15f76483a93f1c4efa319391

Estimada Conselleira.

De novo me poño en contacto contigo para reiterar por escrito a solicitude dunha cita cando mellor conveñas, dado que despois da petición de xuntanza que che enviei con RS do concello nº 3281, de data 1 de decembro de 2016, non recibín resposta a pesar das reiteradas chamadas telefónicas que temos feito para saber como está o estado da nosa solicitude.

Traslado o contido daquel escrito para poñerte en situación.

*Como recordarás en setembro de 2016 tiven a oportunidade de manter unha xuntanza contigo na sede da Consellería na que tamén estaba presente a concelleira de cultura do concello da Guarda. Naquela ocasión fixémosche entrega dun escrito no que argumentabamos a solicitude dun auditorio.*

*Tanto a concelleira como eu mesmo saímos satisfeitos daquela reunión xa que ambos entendemos que eras sensible ás demandas que che faciamos en nome dos veciños da Guarda e que había unha vía para que a Xunta fixera posible a construción dun auditorio na nosa vila. Daquela, dada a proximidade das eleccións á Xunta de Galicia, non adquiriche ningún compromiso en relación ao proxecto pero si nos emprázache a falar de novo no caso de que despois das eleccións seguiras mantendo o teu cargo.*

*Dado que continúas de responsable da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio diríxome de novo a ti para solicitar unha cita cando conveñas, na que retomemos a nosa solicitude co obxecto de poñer en marcha este proxecto tan necesario para os veciños da Guarda.*

Dende aquela data tentamos manter vivo o proxecto dun auditorio para A Guarda. Mantivemos unha colaboración coa escola de Arquitectura Gallaecia de Vilanova de Cerveira na que un grupo de alumnos e alumnas nos fixeron propostas do proxecto do auditorio e tamén tivemos contactos coa Deputación para que colaboraran, cando menos, na redacción do proxecto.

Espero a túa resposta e que poidamos reunirnos en breve.

Recibe un atento saúdo.

O alcalde

Antonio Lomba Baz

Documento asinado dixitalmente á marxe

**BEATRIZ MATO OTERO**
**CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**
**San Lázaro, s/n**
**15781 – Santiago de Compostela**